

Nas dúas últimas décadas apareceron numerosos textos e testemuños que debuxan un panorama teatral nos denominados *Séculos Escuros* completamente diferente ao que tradicionalmente se presentou nas Historias da Literatura e aínda nas do Teatro: a escena galega estaría dominada nesa época polas compañías profesionais españolas, practicamente sen manifestacións que puidesen considerarse propias do país e cunha utilización unicamente excepcional do galego nas representacións.

O escenario que permiten entrever os novos datos é, con todo, moito máis complexo e caracterizado pola continuidade. En Galicia foron coñecidos os dramas litúrxicos en latín, existiu un teatro menor de carácter xograresco en galego, houbo teatro franciscano moi probablemente en lingua galega, coñeceuse un teatro de colexio plurilingüe que incluía o galego, e estiveron sen dúbida moi estendidas as representacións populares vernáculas da Paixón. Temos tamén probas da existencia de representacións bíblicas e haxiográficas e de *Istorias* variadas a cargo de confrarías e gremios, e sabemos que en Galicia foron coñecidos os recursos escenográficos do teatro áureo, os cales foron utilizados mesmo en representacións populares<sup>1</sup>. Ademais, sorprendentemente, o galego aparece nunha elevada porcentaxe dos textos teatrais conservados.

Hai probas do seu uso nas representacións teatrais dos xesuítas desde 1581 (*Egloga de Virgine Deipara* de Monterrei)<sup>2</sup>, e na *Comedia de la invención de la sortija*,

---

1 Sobre o teatro en Galicia anterior a 1750 véxase o meu portal web: <http://teatroengalicia.es>

2 Na *Égloga* aparece abundantemente o portugués trasmontano en boca do personaxe chamado *Lusitanus*, e ao final todos os actores conclúen a representación cantando un himno en galego (cf. González Montañés 2007: 264, e a recente edición de Alonso Asenjo 2018: 208). Antes de 1581 temos probas do uso do galego no colexio de Monterrei nos “papeles de varias composiciones (...) en verso y prosa, en lenguas latina, griega, hebrea, española, gallega y portuguesa” que os alumnos colgaron polas paredes da igrexa en 1572 con motivo dunha celebración polo traslado dos restos mortais do Conde de Monterrei á

representada en Monforte en 1594, o seu autor xesuíta incluíu un paso de 52 versos en galego, o *Entremés de Janiño e os pastores*<sup>3</sup>. Quizais sexa tamén xesuíta, e está escrito integramente en galego, o *Entremés de los gallegos* da BnE (Ms. 15403)<sup>4</sup>, obra datable cara a 1640, probablemente representada en Monforte, e testemuño en todo caso como o *Entremés de Janiño* da existencia dunha tradición entremesística en galego anterior ao *Entremés famoso* ou *Contenda dos labradores de Caldelas*. O *Entremés famoso* de Feijoo de Araúxo non é, como se veu afirmando, unha obra illada e unha excepción, senón que conta con precedentes e ten paralelos no século XVIII como o *Entremés* de Roel (1707) e o *Entremés del portugués* (ca. 1710)<sup>5</sup>.

Este último, escrito maioritariamente en galego/portugués e quizais representado en Monterrei, é obra con case total certeza xesuítica, probablemente do Padre de Quiroga Luís de Losada e Prada, autor así mesmo dunha obra teatral que se representou con seguridade en Galicia e na que se inclúen tres cuartetos en galego: a *Loa a la dedicación del nuevo camarín de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> de las Hermitas* (1729)<sup>6</sup>.

En galego escribíronse tamén o *Diálogo de Alberte e Bieito* (1595-96), interesante exemplo de teatro nobiliario relacionado co Conde de Gondomar e a súa estancia en Galicia a finais do século XVI<sup>7</sup>, e o *Entremés famoso sobre*

---

vila (sobre o uso do galego no teatro dos xesuítas cf. González Montañés, no prelo).

3 Cf. Cortijo / Zugasti (2016: 188-190). A *Comedia* de Monforte foi atribuída recentemente, con bos argumentos, ao Padre Diego Díaz Rengifo, o cal, aínda que nacido en Ávila, pasara vinte anos no colexio de Monterrei, polo que podería saber galego (polo menos, consta o seu “aprecio de los gallegos”, e o seu dominio do castelán, o latín e o grego). Cf. Sáez González (2018).

4 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2Ffdh1A>

5 Cf. González Montañés (2016).

6 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2ACqIYz>

7 Cf. Álvarez Blanco / Rodríguez Montederramo (2002).

*la pesca del rio Miño* (Gabriel Feijoo de Araújo, 1671), durante moito tempo considerado como a partida de nacemento do teatro galego<sup>8</sup>.

O galego é, así mesmo, a lingua do fragmento conservado do *Entremés de Toribio* (ca. 1700)<sup>9</sup>, o asturiano de Ibias Isidoro Colloto incluíu unha redondilla en galego na súa *Loa a la despedida del Collegio*, representada en 1717 no mosteiro e colexio bieito de Santo Estevo de Ribas de Sil<sup>10</sup>, e tamén Diego A. Cernadas de Castro, o cura de Fruíme, empregou o galego nas *Loas, Autos e Coloquios* que escribiu para que as representasen o seu sancristán, criados e fregueses nas festas das Dores da parroquia.

As obras do cura de Fruíme son pezas bilingües (castelán/galego), pero na *Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad de Fruime*, descuberta manuscrita en 2017 por Damián Suárez Vázquez, o galego é a lingua predominante<sup>11</sup>, e a *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos de María Santísima en Fruime*, aínda que maioritariamente en castelán, inclúe un *Diálogo da lavandeira e o peregrino* no que a *lavandeira* utiliza o galego<sup>12</sup>. Hai ademais probas de que na súa forma orixinal as pezas de Fruíme tiñan máis personaxes que falaban en galego, cuxos diálogos se traduciron para a súa publicación (consta, por exemplo, que *Botica* utilizaba o galego no *Coloquio entremesado entre el Sacristán y los Domésticos del Cura de Fruime*)<sup>13</sup>.

8 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2C5FHu8>

9 Cf. Carballo Calero (1978: 103 e 112).

10 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2VAhyVn>

11 Cf. Suárez Vázquez / *Mariño Paz* (no prelo). A obra, nun acto, tres escenas, con canto e 516 versos octosílabos, está escrita maioritariamente en galego aínda que o título aparece en castelán e un dos seis personaxes da obra (o sancristán Carlos) fala en español.

12 O parlamento en galego da lavandeira aparece tamén, como peza independente e nos beizos dunha *labradora*, nun manuscrito da Real Academia Galega que contén poesías do cura de Fruíme (ARAG. Caixa 184-31-4, fol. 15-16).

13 Na versión impresa das *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime* (Madrid: Joachin Ibarra, 1781, vol. VII, p. 400), debaixo do título aparece a seguinte aclaración: “Nota: Este papel, que leido apenas tendrá gracia, tuvo alguna representado, por-

As dúas *Loas* e o *Coloquio* que conservamos de Cernadas para a festa da Virxe das Dores de Fruíme redactáronse despois de 1760<sup>14</sup>. Porén, na *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos* indícase que a representación dunha *Loa* na festa do 15 de setembro fixérase “siempre” en anos anteriores, polo que cabe supoñer, tendo en conta que a confraría das Dores de Fruíme fundouna Cernadas en 1734, que as representacións en galego poderían ter comezado na parroquia antes de 1750. En calquera caso, as obras do cura de Fruíme forman parte dunha secuencia de pezas teatrais breves nas que se utiliza o galego, a cal se estende ao longo da segunda metade do século XVIII nas representacións de José Cornide en Sada<sup>15</sup> e en obras populares como o *Entremés de Bora* do canteiro Gregorio Couto<sup>16</sup>, chegando

---

que los interlocutores fueron propia, y personalmente los mismos que lo ejecutaron, y cada uno hablaba con sus propias modales. El de Botica estaba en Gallego, y aquí (por que el Señor Mones apostató de serlo) se pone en Castellano, pero a costa de perder mucha sal de la que tendría en nuestro idioma”.

- 14 Perdida *La Débora victoriosa y la triunfante Jabel* de 1763 (cf. nota 41), o que temos do teatro de Cernadas para as festas de Fruíme son a *Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad de Fruíme* (Ms. ARAG. Caixa 184-31-5, 1775), a *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos de María Santísima en Fruime*, e o *Coloquio entremesado entre el Sacristán y los Domésticos del Cura de Fruime*. Estas dúas últimas pezas aparecen impresas nas *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime* (Madrid: Joachin Ibarra, 1781, vol. VII, pp. 318-416), e a primeira delas imprimiuse antes en *El Cura y el Sacristán: Calendario doloroso por el piscator de Fruime...*, Madrid: Imp. de D. Gabriel Ramírez, 1762, pp. 91-128: *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos de María Santísima en Fruime, dispuesta por lo mismo en estilo proporcionado à la capacidad de los Recitantes, y del Auditorio*.
- 15 O polígrafo ilustrado D. José A. Cornide Saavedra fixo levantar en Sada un pequeno teatro para representar “obras escritas en gallego” que non se conservan. Probablemente algunhas eran do propio Cornide, outras do cura de Fruíme (súa era unha *Loa* a Carlos III que se fixo en 1761), e tamén se representaron comedias españolas como *Afectos de odio y amor* de Calderón, así como entremeses en galego cuxos argumentos coñecemos pola descrición que o propio José Cornide fai, nunhas *Décimas* en galego publicadas por Murguía en 1917, das festas celebradas en 1761 na Real Maestranza de Sada con motivo do primeiro aniversario de Carlos III sendo rei de España.
- 16 Peza moi breve (69 v.) da segunda metade do século XVIII, en galego salvo os parlamentos en castelán do *vello* cando fala como alcalde. Cf. Bouza-Brey (1949: 6-9). Ms. no ARAG. Caixa 172-3.

os seus ecos ata principios do século XIX (*A Casamenteira* de A. Benito Fandiño, 1812), xa ás portas do *Rexurdimento*.

Por outra banda, en castelán temos abundantes noticias –e algúns textos compostos en Galicia– que proban a existencia de representacións teatrais nos séculos XVII e XVIII, tanto nos colexios dos xesuítas e dos bieitos como na Universidade, e tamén a cargo dos gremios, de estudantes, e de compañías semiprofesionais locais nas *Festas* cidadás, todas elas á marxe das numerosas actuacións coñecidas de compañías profesionais españolas<sup>17</sup>.

Neste contexto, resulta de grande interese o *Entremés gallego* do coruñés Salvador Francisco Roel (1707), xa que é o primeiro texto autónomo conservado impreso en galego, un século anterior ao máis antigo ata agora coñecido<sup>18</sup>, e, por tanto, tamén a primeira obra teatral en galego impresa en Galicia<sup>19</sup>. Estampouna en Santiago de Compostela, cara

17 Véxase a miña base de datos en internet: <http://representaciones.teatroengalicia.es>

18 Os primeiros textos conservados impresos en galego son os sonetos de Juan Gómez Tonel e Pedro Vázquez de Neira que aparecen en *Relacion de las exequias que biço la Real Audiencia del Reyno de Galicia á la Magestad de la Reyna D. Margarita de Austria...* (Santiago, Imp. de Ioan Pacheco, 1612), seguidos polos doce *Romances* en galego incluídos na impresión das *Fiestas Minervales* compostelás de 1697 (Santiago, Imp. de Antonio Frayz Piñeiro). O primeiro texto autónomo impreso en galego coñecido, antes de que atopase esta peza en outubro de 2017, era o romance anónimo intitulado: *Un labrador que foy sarxento ós soldados do nobo alistamento*, que se imprimiu como folla solta e circulou cara a 1808 (consérvase un exemplar do impreso orixinal na biblioteca da Universidade de Santiago, sign. RSE. PAP. VAR 7 25, dado a coñecer por Mariño Paz e Suárez Vázquez en 2012). Á mesma época da guerra contra os franceses pertence o que durante algún tempo foi considerado como impreso independente en galego máis antigo: as *Proezas de Galicia, explicadas baixo la conversación rústica de los dos compadres, Chinto y Mingote*, obra de José Fernández y Neyra, funcionario da fábrica de tabacos da Coruña (A Coruña, Imp. de Vila, 1810).

19 Na categoría de obras teatrais impresas en Galicia (pero en castelán), o *Entremés* de Roel ten como precedentes as *Loas* e os *Autos* (ca. 1697-1702) de José Vallo de Porras (véxanse as miñas fichas: <https://goo.gl/sx4vju>), e compite na cronoloxía coa *Loa* en castelán representada en Ourense o 5 de setembro de 1707 e recollida no *Clarín de la Fama* (1708, véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2VHjjQB>).

a 1708-1712, Benito Antonio Frayz para o editor Jacinto del Canto co seguinte título en castelán: *Entremes gallego, que compuso Salvador Francisco Roel, Natural de la Coruña, al feliz, y Real parto de nuestra Reyna, (que Dios guarde) luego que llegó la noticia. Sacalo ahora à luz un Amigo del Autor. Con licencia: En Santiago: Por Jacinto del Canto, en la Imprenta del Doctor Don Benito Antonio Frayz*. Conservouse nun exemplar incluído ao final dun volume facticio de pezas teatrais soltas, reunidas baixo unha portada para a súa venda por un libreiro madrileño baixo o título de: *Jardin ameno de varias y hermosas flores: cuyos matizes, son doze comedias escogidas de los mejores ingenios de España. En Aplauso del Rey N.S.D. Felipe V: y las ofrece a los curiosos vn aficionado: parte unica*, Herederos de Gabriel de León?, Madrid, 1712, nº 12 [8 pp.] (BnE: sig. TI/120, nº 12)<sup>20</sup>.

Pouco é o que puiden atopar sobre a biografía deste novo autor da literatura galega, “natural de la Coruña” segundo o encabezado da edición do seu *Entremés* (“hijo de esta ciudad” din as actas municipais coruñesas de 1707). O apelido Roel, orixinario da zona de Abegondo, está documentado, polo menos desde o século XVII, na cidade herculina e en Betanzos entre escribáns e rexedores, e a análise lingüística da súa obra apunta cara a unha variedade de galego que se podería dar entre A Coruña e Carral ou A Laracha. Case nada máis sabemos da súa traxectoria, agás que foi autor tamén dunha *Relación* perdida das festas coruñesas polo nacemento do príncipe Luís, escrita “en sonetos y décimas de mucha erudición y elegancia” (cf. *infra*).

20 Mencionan a peza, o nome do seu autor e os versos de inicio e final, os seguintes catálogos teatrais: La Barrera (1860: 332), Urzaiz Tortajada (2002: 562) e o catálogo informatizado da BnE. Sobre as obras filipistas contidas na recompilación de 1712 cf. Etienvre (2005). Para o *Entremés* de Roel cf. González Montañés (2018). Menciona os festexos coruñeses Fernández Gasalla (2018: II, 864).

## ÍNDICE

1. Contexto histórico, teatral e festivo .....	7
<b>(Julio I. González Montañés)</b>	
1.1. O contexto festivo e teatral do <i>Entremés</i> .....	15
1.2. Teatro e festas filipistas en Galicia en 1707 .....	19
1.2.1 Ourense .....	21
1.2.2 Pontevedra .....	25
1.2.3 Santiago .....	27
1.2.4 Lugo .....	30
1.2.5. Outras vilas .....	31
1.3. Festa e propaganda .....	35
1.4. A Guerra de Sucesión no <i>Entremés</i> .....	39
1.5. Galicia e os portugueses na Guerra de Sucesión .....	43
2. Edición do texto .....	53
<b>(Ramón Mariño Paz)</b>	
3. Estudo literario .....	95
<b>(Anxo Angueira)</b>	
3.1. O xénero: verso, personaxes, trama e estrutura .....	100
3. 2. As redes do <i>Entremés galego</i> : a Guerra de Sucesión, Felipe V e a tópica teatral galega do portugués .....	106
3. 3. Propaganda, humor e crítica .....	117
3. 4. Conclusións .....	126
4. Estudo lingüístico .....	127
<b>(Ramón Mariño Paz)</b>	
4.1. Galego e castelán no teatro da Galicia dos séculos XVI, XVII e XVIII .....	130
4.2. Trazos lingüísticos do galego do <i>Entremés gallego</i> .....	131
4.2.1. Usos gráficos .....	131
4.2.2. Variantes lingüísticas relevantes para a localización espazotemporal do texto e do seu autor .....	140

4.2.3. Outros fenómenos comúns no galego medio .....	150
4.2.3.1. Fenómenos de indución, subtracción, aumento e transposición de unidades segmentais .....	150
4.2.3.2. Grupos consonánticos homosilábicos de cultismos e neoloxismos.....	152
4.2.3.3. Tratamento das consoantes oclusivas situadas na coda silábica.....	153
4.2.3.4. Pronomes persoais.....	154
4.2.3.5. Sufixos e terminacións <i>-ade(s)</i> / <i>-á(s)</i> , <i>-ude(s)</i> / <i>-ú(s)</i> .....	155
4.2.3.6. A resistencia da variante <i>juizo</i> .....	156
4.2.3.7. O adxectivo <i>mao</i> / <i>ma</i> en posición proclítica.....	156
4.2.3.8. A perífrase verbal <i>ter de</i> + infinitivo.....	156
4.2.3.9. Adverbios.....	157
4.2.3.10. Léxico.....	160
4.2.3.11. Fraseoloxía .....	163
4.2.3.12. Onomástica.....	163
4.2.4. Recapitulación .....	165
<b>Bibliografía .....</b>	<b>167</b>